

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 4, 25-46

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Cando veña o Fillo do Home na súa gloria e todos os anxos con el, sentará no seu trono glorioso. Diante del xuntaranse todas as nacións; e separará uns dos outros, como xebra o pastor as ovellas das cabras. E poñerá as ovellas á súa dereita e as cabras á súa esquerda.

Entón dirá o Rei ós da súa dereita:

"Vinde, benditos do meu Pai; recibide a herdanza do Reino preparado para vós desde a creación do mundo. Porque tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; estiven espido e vestístesme; enfermo e visitástesme; estiven na cadea e viñéstesme ver".

Entón preguntaranlle os xustos:

"Señor, ¿cando te vimos famento e che demos de comer; ou sedento e che demos de beber? ¿Cando te vimos forasteiro e te acollemos; ou espido e te vestimos? ¿Cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos?"

O rei contestaralles:

"Dígovolo de verdade: Canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos, fixéstelo comigo".

E diralles logo ós da súa esquerda:

"Arredade de min, malditos, ide para o lume eterno, preparado para o Satán e para os seus anxos. Porque tiven fame e non me destes de comer; tiven sede, e non me destes de beber; fun forasteiro, e non me acollestes; estiven espido, e non me vestistes; enfermo e na cadea, e non me visitastes".

Entón tamén eles lle preguntarán:

"Señor, ¿cando te vimos famento ou sedento, forasteiro ou en coiro, enfermo ou na cadea e non che acudimos?"

El responderalles:

"Dígovolo de verdade: Canto deixastes de facerlle a un destes máis pequenos, deixastes de mo facer a min."

Estes irán ó castigo eterno, e os xustos á vida eterna.»